

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**

Mercadorías

30/05/2024

10:00 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Como se denomina o movemento xiratorio da carrocería dun camión sobre o seu eixo lonxitudinal?

- a) Cabeceo.
- b) Abalo.
- c) Sobreviraxe.
- d) Subviraxe.

2. Respecto dos pneumáticos dun camión, como se pode describir o fenómeno da histérese?

- a) O mecanismo de seguridade polo que se aumenta a presión dos pneumáticos.
- b) O mecanismo físico polo que o pneumático supera o seu límite de presión.
- c) O mecanismo físico polo que o pneumático desenvolve a súa adherencia.
- d) O mecanismo físico polo que o movemento do vehículo interrompese.

3. Os vehículos transportanse en:

- a) contedores.
- b) cisternas.
- c) capitonés.
- d) portavehículos.

4. Que debe facer o condutor dun camión para reducir a resistencia á pendente?

- a) Interromper a forza de tracción.
- b) Utilizar o compresor con máis frecuencia.
- c) Reducir o número de cambios de marcha.
- d) Aumentar o número de cambios de marcha.

5. Por cada cambio de marcha realizado polo condutor dun camión nunha pendente ascendente pérdese unha determinada porcentaxe de

- a) aceleración
- b) peso.
- c) velocidade.
- d) forza.

6. De que factores depende o grao de rozamento nun camión?

- a) Da velocidade.
- b) Do desprazamento de masas lineais.
- c) Da forza de molaridade.
- d) Da forza atemporal.

7. A diferenza entre as cargas sobre a roda dereita e esquerda dun mesmo eixo non debería exceder:

- a) o 50 % da carga total sobre o eixo.
- b) o 3 % da carga total sobre o eixo.
- c) o 15 % da carga total sobre o eixo.
- d) Non debe existir ningunha diferenza.

8. O sobrequecemento dos pneumáticos dun camión é unha característica típica:

- a) da correcta presión de inflado.
- b) do accionamento correcto dos freos.
- c) da sobrecarga nos eixos dianteiro e traseiro.
- d) provocada polo desgaste prematuro dos pneumáticos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. Que fenómeno é típico dunha sobrecarga no eixo traseiro do camión?

- a) O sobrequecemento dos freos.
- b) O esforzo excesivo para a suspensión dianteira.
- c) A dureza na dirección do vehículo.
- d) A falta de apoio no eixo dianteiro e o desgaste prematuro dos pneumáticos debido ao deslizamiento.

10. Que é a estiba?

- a) É a arte de colocar a carga para ser transportada da mellor maneira.
- b) É a actividade que regula a aceleración do vehículo.
- c) É a forma de aforrar combustible.
- d) É a maneira de conducir.

11. Onde recae, basicamente, o peso do transporte internacional de mercadorías en España?

- a) Nas empresas grandes.
- b) Nas empresas medianas.
- c) Nas empresas pequenas.
- d) De forma proporcional, nas empresas grandes, medianas e pequenas.

12. Á parte de conducir o vehículo, cales son as funcións propias dun condutor nunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Decidir sobre a renovación da frota e elixir o tipo de vehículo máis adecuado.
- b) Representar á empresa fronte aos provedores.
- c) Distribuír as ordes de roteiro.
- d) Vixiar o funcionamento correcto do vehículo.

13. Cales son as funcións propias do xerente dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?

- a) Distribuír as ordes de roteiro.
- b) Planificación e representación da empresa.
- c) Arquivar a documentación.
- d) Conducir o vehículo e determinar o itinerario do servizo.

14. A atomización empresarial no sector de transporte considérase:

- a) un problema en todos os casos.
- b) unha vantaxe sempre.
- c) un problema se é no transporte de mercadorías.
- d) unha vantaxe se é no transporte de viaxeiros.

15. A clasificación dos transportes de mercadorías por estrada en públicos e privados é unha clasificación en función de:

- a) o seu ámbito.
- b) o seu obxecto.
- c) a especificidade do seu obxecto e o seu réxime xurídico.
- d) a súa natureza.

16. As autorizacións identificadas rexistralmente coa clave OT habilitan para:

- a) o exercicio da actividade de transporte de mercadorías por estrada.
- b) o exercicio de actividades de intermediación no transporte.
- c) o aluguer de vehículos sen condutor.
- d) establecer unha estación de autobuses.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Que tipo de sociedade ha de ter normalmente, como mínimo, tres socios?

- a) As sociedades laborais.
- b) As sociedades anónimas.
- c) As sociedades de responsabilidade limitada.
- d) Todas as sociedades han de ter, como mínimo, tres socios.

18. Que se considera transporte internacional de mercadorías?

- a) Aquel no que intervéñ un transportista estranxeiro.
- b) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio dun Estado estranxeiro.
- c) Aquel cuxo itinerario discorre, polo menos parcialmente, polo territorio dun Estado alleo á Unión Europea.
- d) Todo transporte realizado con carga dunha empresa estranxeira.

19. Como se chama o vehículo destinado ao transporte a granel de líquidos ou de gases licuados?

- a) Portacontedores.
- b) Cisterna.
- c) Capitoné.
- d) Portavehículos.

20. Das forzas que se citan, cal se aplica a un camión en movemento?

- a) A forza de adherencia.
- b) A forza de redución.
- c) A forza nula.
- d) A forza de progresión.

21. Das que se citan, cal constitúe unha resistencia ao avance do camión?

- a) A resistencia ao rozamento.
- b) A forza de deceleración.
- c) A resistencia da climatoloxía adversa.
- d) A resistencia á potencia.

22. Os transportes de mercadorías de carácter oficial:

- a) necesitan unha autorización de transporte privado complementario.
- b) necesitan unha autorización de transporte público.
- c) necesitan unha autorización de transporte oficial.
- d) están exentos de autorización.

23. Cal dos seguintes é un sistema de tránsito aduaneiro utilizado na Unión Europea?

- a) O réxime de tránsito interno.
- b) O Manifesto Renano.
- c) O réxime de envíos postais.
- d) Todas as respostas son correctas.

24. Que documentos é obrigatorio levar a bordo do vehículo?

- a) Permiso de matriculación.
- b) Póliza de seguro obrigatorio.
- c) Tarxeta de inspección técnica.
- d) Todas as respostas son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. É obrigatorio levar o permiso de circulación no vehículo?

- a) Si, sempre.
- b) Só nos vehículos pesados.
- c) Só nos vehículos lixeiros.
- d) Só nos vehículos con máis de 10 anos de antigüidade.

26. Como se denomina o método de extinción dun incendio consistente en reducir a temperatura do combustible?

- a) Arrefriado.
- b) Dilución.
- c) Disolución.
- d) Desalimentación.

27. Cal destes factores non afecta o aforro de combustible?

- a) Mirar e ver de lonxe.
- b) Gardar unha distancia de seguridade adecuada.
- c) Conducir con anticipación.
- d) A válvula de carga hidráulica.

28. Que debe ter a cabina de condución dun vehículo?

- a) Un bo sistema de calefacción, pero non de aire acondicionado.
- b) Unha visibilidade parcial da estrada.
- c) Redución ao máximo posible dos ruídos procedentes do propio vehículo e do tráfico en xeral.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

29. Que depende do bo estado do vehículo?

- a) A seguridade do condutor.
- b) A seguridade dos pasaxeiros (en caso de transporte de viaxeiros).
- c) A seguridade do resto dos usuarios das estradas.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

30. Que faremos para previr a aparición de soño durante a condución?

- a) Poñer a radio máis forte para distraernos.
- b) Tomar moito café.
- c) Comer copiosamente e continuar a viaxe.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

31. Entre outras cousas, que sucede cando se incrementa a resistencia á rodadura nun pneumático?

- a) Redúcese a presión de inflado.
- b) Increméntase a aceleración.
- c) Aumenta o consumo de carburante.
- d) O estrangulador do aire non funciona.

32. Considérase infracción que un condutor prolongue a súa xornada diaria de condución ata alcanzar 10 horas?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si, se o fai máis de dúas veces á semana.
- c) Si, en todo caso.
- d) Só pode facelo catro veces ao mes.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Nunha caixa de cambios, que tipo de dispositivo son os retardadores?

- a) Hidráulico.
- b) Pneumático.
- c) Mecánico.
- d) Eléctrico.

34. Despois dun período de condución de 4 horas e media, o condutor debe efectuar unha pausa de, polo menos:

- a) 35 minutos.
- b) 45 minutos.
- c) 25 minutos.
- d) 40 minutos.

35. O transporte por estrada é unha actividade produtiva caracterizada polo traballo:

- a) a ritmos acelerados.
- b) sometido a múltiples circunstancias favorables.
- c) sometido a excesos de responsabilidade.
- d) As respostas A e C son correctas.

36. Para que a declaración amigable de accidente sexa válida, por quen ten que estar asinada?

- a) Polos condutores e as testemuñas do accidente.
- b) Polos condutores implicados no accidente.
- c) Abonda con que a firme o condutor que se declare culpable.
- d) Polos titulares dos vehículos implicados ou os seus representantes.

37. Para un par motor dado, de que depende o par que chega ás rodas?

- a) Da temperatura dos gases de escape.
- b) Da presión que exista no colector de escape.
- c) Da relación de transmisión entre o volante motor e as rodas.
- d) Da orde de aceso do motor.

38. Que tipos de aparellos de control de tempos de condución e descanso existen?

- a) Electrónicos e magnéticos.
- b) Magnéticos e dixitais.
- c) Eléctricos e analóxicos.
- d) Analóxicos e dixitais.

39. Que son as enfermidades profesionais?

- a) As contraídas como consecuencia do traballo.
- b) As relacionadas con problemas mentais.
- c) As relacionadas con problemas dos membros superiores.
- d) As producidas por accidentes con maquinaria industrial.

40. Na actividade de transporte, que circunstancia causa con maior frecuencia lumbalxias e cervicalxias?

- a) Mantemento prolongado de posturas forzadas.
- b) Sobrecarga da maquinaria coa que efectúa a manipulación.
- c) Utilización de maquinaria inadecuada para o obxecto.
- d) Mal estado dos elementos de suxeición.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Cal é o significado literal do termo ergonomía?"

- a) Norma xeral.
- b) Norma do traballo.
- c) Norma de utilización.
- d) Norma de uso.

42. Que temperatura é a máis adecuada para manter nun posto de traballo?

- a) A temperatura do posto de traballo debe ser a idónea.
- b) Ao traballar é mellor pasar calor que utilizar o aire acondicionado.
- c) A temperatura do posto de traballo debe ser o máis fresca posible.
- d) A temperatura do posto de traballo debe ser o máis alta posible, dentro duns límites.

43. O tipo de esforzo requirido para o manexo da carga do vehículo inflúe no nivel de risco. Así, é máis segura a manipulación que esixa:

- a) inclinar o corpo.
- b) esforzos graduados.
- c) manter o corpo en posicións inestables durante a operación.
- d) esforzos prolongados.

44. Pode unha empresa de transporte conceder aumentos de soldo aos seus traballadores en función da carga que transporten?

- a) Si, aínda que comprometa a seguridade na estrada.
- b) Non, se ditas primas fosen de tal natureza que puidesen comprometer a seguridade na estrada.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Si, pero só para transporte de gando.

45. En que vehículos é obrigatorio instalar tacógrafo?

- a) En todos.
- b) En todos os vehículos que non sexan para uso particular.
- c) En todos aqueles que non sexan turismos e furgonetas.
- d) En determinados vehículos que efectúen transporte de mercadorías ou de viaxeiros.

46. Cando un condutor cambia de empresa:

- a) está obrigado a cambiar de tarxeta de condutor.
- b) hai que descargar os datos da súa tarxeta de condutor.
- c) ten que levar o tacógrafo que use habitualmente.
- d) está obrigado a pasar un control periódico da súa tarxeta.

47. Como deben ser os elementos de seguridade instalados en todos os vehículos?

- a) De seguridade activa.
- b) De seguridade pasiva.
- c) De seguridade activa e pasiva.
- d) De seguridade dinámica.

48. Ante unha situación como a caída de carga sobre a vía, que actuacións deben realizarse?

- a) Deberase apartar o vehículo para evitar que, xunto coa carga caída, acrecente a rega provocada.
- b) Deberase retirar ou apartar o obstáculo.
- c) Deberase deixar o máis limpa posible a calzada.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Se existe o risco dun derrame de produtos perigosos, os pasaxeiros deben separarse:

- a) na mesma dirección do vento.
- b) en dirección contraria ao vento.
- c) en dirección perpendicular ao vento.
- d) Non deberían descender do vehículo.

50. En que consiste a forza de guiado lateral?

- a) É a que resulta da fricción e da atracción.
- b) É a que actúa en contra da forza motriz.
- c) É a que conserva a dirección do camiión.
- d) É a que resulta da resistencia ao aire.

51. A potencia dun motor é:

- a) o par motor.
- b) o traballo que é capaz de realizar na unidade de tempo.
- c) a relación de compresión do motor.
- d) o valor que se ten en conta para fixar o imposto sobre os automóviles.

52. O par máximo dun motor é:

- a) a máxima forza de xiro que pode proporcionar o motor.
- b) o máximo de revolucións que pode alcanzar o motor.
- c) a potencia máxima que pode proporcionar o motor.
- d) o consumo máximo do motor.

53. Dos que se indican, que tipo de motor é o que ten un menor consumo específico?

- a) O motor diésel de inxección directa.
- b) O motor diésel de inxección indirecta.
- c) O motor de gasolina de inxección directa.
- d) O motor de gasolina de inxección indirecta.

54. Circulando por unha calzada nevada ou xead, pódese ver afectado perigosamente o control da dirección do vehículo?

- a) Si, en todo caso.
- b) Si, pero só cando o pavimento está mollado.
- c) Non, en ningún caso.
- d) Si, ao circular por unha banda sobre chan seco e polo outro sobre neve ou xeo.

55. Sinala a afirmación incorrecta:

- a) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o labor dos tramitadores da indemnización.
- b) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza a aplicación de convenios entre as compañías aseguradoras.
- c) A declaración amigable de accidente fai que diminúa o número de sinistros de vehículos.
- d) A declaración amigable de accidente facilita e axiliza o pago das reparacións e indemnizacións.

56. A luz indicadora de dirección utilízase:

- a) Para advertir dun servizo de urxencia nun vehículo non prioritario.
- b) Cando un vehículo non poida alcanzar a velocidade máxima esixida e exista perigo de alcance.
- c) Para sinalizar un vehículo inmovilizado, aínda que sexa por circunstancias do tráfico, en autovías e autoestradas ou en lugares de visibilidade deficiente.
- d) Para advertir dun desprazamento lateral

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Nos motores de combustión, se as válvulas de admisión dos cilindros non se abren no momento adecuado:

- a) Aumenta incontroladamente a potencia e pode griparse o motor.
- b) Diminúe a potencia e o consumo de carburante.
- c) Pódese producir o fenómeno do "autoencendido".
- d) Diminúe a potencia e aumenta o consumo de carburante.

58. Que distancia de seguridade é necesario ter respecto do vehículo que nos segue para practicar unha condución preventiva?

- a) A necesaria para poder frear con tempo e progresivamente de forma que o aceso da luz de freo sirva de sinal.
- b) A necesaria para poder frear con tempo, aínda que sexa bruscamente, sempre que o aceso da luz de freo sirva de sinal.
- c) A necesaria para poder frear, aínda que o aceso da luz de freo non sirva de sinal.
- d) En todo caso, a que se percorrería en 10 segundos á velocidade á que estamos a circular.

59. Un condutor que conduce unha semana 25 horas, cantas horas pode conducir, como máximo, a semana seguinte, segundo a regulamentación social europea?

- a) 65 horas.
- b) 56 horas.
- c) 70 horas.
- d) 75 horas.

60. Pode un condutor realizar o seu descanso diario dividíndoo en dous períodos, un de 4 horas e outro de 8 horas?

- a) Non, posto que o primeiro debe ser de 5 horas.
- b) Si, debido a que entre os dous períodos suman 12 horas.
- c) Si, porque así o di a regulamentación europea.
- d) Non, posto que o segundo período ten que ser de 9 horas mínimo.

61. Dos elementos técnicos que se citan, cal contribúe na seguridade activa dos vehículos?

- a) O sistema antibloqueo de freos (ABS).
- b) O control de tracción e desestabilidade (ASP e ECS).
- c) O control electrónico de aceleración (EPS).
- d) Os repousacabezas.

62. Cales son as obrigacións dos empregadores respecto a a prevención de riscos laborais?

- a) Usar os equipos de seguridade de conformidade ás instrucións establecidas.
- b) Colocar o equipo despois do uso no lugar indicado para iso.
- c) Fornecer aos traballadores as roupas e equipos de protección apropiados.
- d) Non teñen obrigacións porque o perigo téñeno os traballadores.

63. Cal non é unha causa de accidente de traballo no transporte?

- a) Ritmo de traballo pausado.
- b) Defectos das ferramentas ou materiais.
- c) Comportamento inadecuado do traballador.
- d) Fallos na organización do traballo.

64. O efecto "fading":

- a) aumenta a capacidade de freado.
- b) diminúe a capacidade de freado.
- c) non inflúe na capacidade de freado.
- d) só inflúe no consumo de carburante.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Cando se fala de ralentizadores está a facerse referencia:

- a) a un tipo de freo de disco.
- b) a un mecanismo que regula o ralentí do motor.
- c) a un tipo de sistema antibloqueo de freos.
- d) ao freo eléctrico, por exemplo.

66. Que pode producir a alternancia nos horarios de traballo?

- a) Unha mellor adaptación aos horarios sociais.
- b) Perturbacións no sono.
- c) Facilitade para conciliar o sono.
- d) Alimentación adecuada.

67. Unha dose adecuada de café ou doutros estimulantes naturais, que beneficios xera?

- a) Alivia a fatiga.
- b) Facilita os reflexos.
- c) Axuda a manter o estado de vixilia.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

68. Calquera advertencia que realiza un tacógrafo dixital aparecerá:

- a) reflectida en pantalla.
- b) nos discos-diagrama.
- c) impresa en papel automaticamente.
- d) vía GPS no órgano de inspección de transportes de cada cidade.

69. Substitúe a tarxeta de tacógrafo do condutor ao permiso de conducir?

- a) Non, nunca.
- b) Si, pero só para condutores da Unión Europea.
- c) Si, pero só se o condutor procede dalgún país hispanoamericano.
- d) Si, pero só mentres se está renovando o permiso.

70. Que factor non inflúe no consumo de carburante dun vehículo?

- a) O número de revolucións por minuto do motor.
- b) O perfil da estrada.
- c) A presión dos pneumáticos.
- d) O tipo de sistema de freado: hidráulico ou pneumático.

71. Nos motores de combustión, se as válvulas de escape dos cilindros non se pechan no momento adecuado:

- a) aumentará o consumo de carburante.
- b) diminuirá o consumo de carburante.
- c) diminuirá a presión no grupo cónico.
- d) o fume que sairá polo tubo de escape será de cor verde azulado.

72. Cando se utiliza un aceite de baixa calidade para lubricar un motor:

- a) aumenta o desgaste das pezas, aínda que se reduce a súa corrosión.
- b) aumenta a corrosión das pezas, aínda que se reduce o seu desgaste.
- c) aumenta o desgaste das pezas sen que se vexa afectado o consumo de carburante en ningún caso.
- d) pode aumentar o consumo de carburante ao aumentar o rozamento das pezas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. O estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación dun motor de combustión, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si, xa que, se está sucio, aumenta o consumo.
- b) Non, só inflúe na cantidade de fumes brancos que saian polo escape.
- c) Non, só inflúe na cantidade de fumes negros que saian polo escape.
- d) Non, só inflúe na potencia media ponderada do motor.

74. O tipo de caixa de velocidades que monte un automóbil, ten influencia no consumo de carburante?

- a) Si, porque unha caixa de velocidades con máis número de relación de marchas permite reducir o consumo de carburante.
- b) Si, porque unha caixa de velocidades con menos número de relación de marchas permite reducir o consumo de carburante.
- c) Non, o tipo de caixa de velocidades só influiría na aceleración.
- d) Non, o tipo de caixa de velocidades só influiría na potencia coa que o motor actúe como freo.

75. Que característica non inflúe á hora de determinar no contarrevolucions dun automóbil a zona de menor consumo?

- a) O consumo específico.
- b) A potencia.
- c) O tipo de freos que monte: disco ou tambor.
- d) O par motor máximo.

76. A utilización do freo eléctrico:

- a) limitarase ao imprescindible xa que deteriora rapidamente os elementos frenantes.
- b) limitarase ao imprescindible xa que deteriora a transmisión.
- c) utilizarase sempre despois do freo de servizo.
- d) evita o fenómeno "fading".

77. O condutor dun vehículo aproxímase a unha glorieta, polo que deixa de acelerar antes de chegar. Este comportamento pode provocar deterioracións mecánicas?

- a) Si, no sistema de freado.
- b) Si, no sistema de escape.
- c) Si, no sistema de refrixeración.
- d) Non, e ademais é conveniente porque aproveita a inercia do vehículo.

78. Quen ten a obrigação legal de actuar ante un accidente de tráfico?

- a) Os condutores implicados no accidente.
- b) Os usuarios da vía implicados no accidente.
- c) Os axentes de tráfico.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

79. Onde se deberá deixar estacionado o vehículo propio en caso de parar para auxiliar nun accidente?

- a) Fóra da calzada.
- b) No carril dereito.
- c) No carril esquerdo.
- d) Na zona máis próxima para poder trasladar aos feridos.

80. No contarrevolucions dun vehículo pesado existe unha zona marcada, xeralmente, de cor verde, que supón circular cun número de revolucions por encima desa zona?

- a) Unha menor cantidade de carburante inxectado.
- b) Un maior consumo.
- c) Unha redución na relación de compresión.
- d) Un aumento da potencia debido ao aumento na relación de compresión.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. Un vehículo destinado exclusivamente a trasladar mercadorías dentro do recinto dun porto está:

- a) obrigado ao uso de tacógrafo dixital.
- b) obrigado ao uso de tacógrafo analóxico, polo menos.
- c) exento do uso de tacógrafo sempre que a Masa Máxima Autorizada non supere 12.000 kg.
- d) exento do uso de tacógrafo.

82. Como pode un condutor conseguir o certificado de aptitude profesional que acredite a súa cualificación inicial?

- a) É necesario seguir o curso establecido na normativa e superar o exame.
- b) Debe acreditar experiencia profesional suficiente.
- c) Debe acreditar experiencia profesional suficiente e superar o exame que establece a normativa.
- d) Unicamente debe seguir o curso establecido na normativa vixente.

83. Para conducir un vehículo para o que sexa necesario o permiso da clase C1, precísase estar en posesión do certificado de aptitude profesional (CAP)?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se o vehículo destínase ao transporte de animais.
- d) Só se o vehículo destínase ao transporte de viaxeiros.

84. Ao accionar o freo motor no escape:

- a) o cilindro de amortiguación apágase.
- b) a válvula de aceleración sobe de revolucións.
- c) a válvula de aceleración baixa de revolucións.
- d) limitase a saída de gases de escape, freando o desprazamento dos pistóns.

85. Como pode conseguir aforro enerxético unha empresa de transporte?

- a) Instalando tacógrafos dixitais nos vehículos.
- b) Cunha boa política de renovación dos vehículos.
- c) Instalando retardadores hidráulicos de freada nos vehículos.
- d) Non superando a MMA dos vehículos en máis dun 5 %.

86. As medidas preventivas que deben tomarse á hora de conducir con néboa son:

- a) conectar a iluminación de longa distancia.
- b) aumentar a velocidade e reducir a distancia de seguridade.
- c) prestar especial atención ás marcas viarias.
- d) non accionar o limpaparabrisas.

87. Se, traballando de pé, debemos inclinárnos, cal será a mellor postura para previr riscos físicos?

- a) Conservando os xeonllos ríxidos e flexionando a columna vertebral.
- b) Conservando a columna vertebral recta e flexionando os xeonllos.
- c) Flexionando a columna vertebral e os xeonllos.
- d) Curvando a columna vertebral e mantendo ríxida a cadeira.

88. Dos factores que inflúen na resistencia aerodinámica dun vehículo e, por tanto, no consumo de combustible, cal é o que máis afecta?

- a) A velocidade.
- b) A densidade do aire.
- c) A superficie frontal do vehículo.
- d) A superficie lateral do vehículo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Para conseguir que non aumente o consumo de carburante, nos motores de combustión é conveniente, polo xeral, cambiar a unha marcha máis alta entre:

- a) 2.000 e 2.500 revolucións por minuto.
- b) 3.000 e 3.500 revolucións por minuto.
- c) 3.500 e 4.000 revolucións por minuto.
- d) 1.500 e 2.000 revolucións por minuto.

90. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) da posición do pedal do acelerador e do tipo de batería: con ou sen mantemento.
- b) do coeficiente de rozamento dos pneumáticos con calzada e do tipo de sistema de mando da distribución.
- c) dos ralentizadores que monte o vehículo e a presión dos pneumáticos.
- d) do tipo de condución que realice o condutor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.

91. Ademais de reducir o consumo de carburante, realizar unha condución económica presenta outras vantaxes. Sinala a resposta correcta.

- a) Evita ter que comprobar o nivel do aceite do sistema de lubricación.
- b) Permite aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) Evita ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante.
- d) A contaminación ambiental é menor.

92. Reducir o número de revolucións por minuto do motor dun vehículo pesado permite:

- a) prolongar os intervalos previstos para pasar a inspección técnica periódica.
- b) aumentar os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.
- c) reducir o consumo de carburante.
- d) diminuír os intervalos aconsellados polo fabricante do vehículo en canto ás revisións de mantemento.

93. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?

- a) Reducir a frecuencia da inspección técnica periódica e aumentar os prazos de mantemento do vehículo.
- b) Non ter que comprobar o nivel do aceite motor xa que conducir desta maneira fai que o consumo de aceite sexa nulo.
- c) Reducir o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- d) Maior confort na condución e menor consumo e contaminación ambiental.

94. Que comportamento é aconsellable para os condutores?

- a) O uso do vehículo para traballar co computador.
- b) O uso do vehículo como lugar de descanso.
- c) O uso do vehículo para encher papeis.
- d) A realización de exercicio físico fora do traballo de forma regular.

95. Os cursos de formación continua necesarios para renovar a tarxeta de cualificación de condutor débense realizar en:

- a) centros públicos de formación profesional.
- b) calquera centro que acredite experiencia en formación de condutores.
- c) a empresa de transporte na que se estea traballando.
- d) centros de empresas CAP autorizadas.

96. Un vento en contra de 18 km/h incrementa o consumo nun:

- a) 0,08.
- b) 0,06.
- c) 0,04.
- d) 0,02.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 30-05-2024 10:00 h

Lugar: Rúa de Madrid, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. Que circunstancia pode facer que a fatiga sexa maior durante a condución?

- a) Circular por unha vía rápida.
- b) Percorrer un traxecto pouco coñecido.
- c) Circular cunha amortiguación defectuosa.
- d) Unha presión defectuosa dos pneumáticos.

98. No proceso de toma de decisións dun condutor, que supón o acto de acender un cigarro?

- a) É un tipo de decisión alternativa.
- b) É unha distracción.
- c) Forma parte da información da contorna.
- d) É un elemento da formación da percepción do risco.

99. A limpeza dun vehículo que transportou animais farase:

- a) polo condutor, unha vez regrese á sede da súa empresa.
- b) polo destinatario dos animais, antes de abandonar as instalacións nas que se descargaron.
- c) nun centro especializado que necesita autorización.
- d) no lugar que determine o titular do vehículo.

100. Que persoas deben formar parte dunha Xunta Arbitral de Transporte?

- a) Membros da Administración Pública.
- b) Polo menos un xuíz.
- c) Polo menos un avogado en exercicio que non sexa funcionario público.
- d) As respostas A e C son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

101. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante a subida dunha pendente, o camión:

- a) perde potencia e reduce velocidade.
- b) gaña potencia e aumenta velocidade.
- c) perde potencia e aumenta velocidade.
- d) gaña potencia e reduce velocidade.

102. Con que siglas é coñecido o programa electrónico de estabilidade?

- a) EDP.
- b) ESP.
- c) EFP.
- d) ABS.

103. Que circunstancia poderanos producir con máis probabilidade unha artrose no cóbado?

- a) Caída de obxectos ao manipulalos.
- b) Golpes con ferramentas.
- c) Incendios.
- d) Exposición continua a vibracións.

96. Un viento en contra de 18 km/h incrementa el consumo en un:

- a) 0,08.
- b) 0,06.
- c) 0,04.
- d) 0,02.

97. ¿Qué circunstancia puede hacer que la fatiga sea mayor durante la conducción?

- a) Circular por una vía rápida.
- b) Recorrer un trayecto poco conocido.
- c) Circular con una amortiguación defectuosa.
- d) Una presión defectuosa de los neumáticos.

98. En el proceso de toma de decisiones de un conductor, ¿qué supone el acto de encender un cigarrillo?

- a) Es un tipo de decisión alternativa.

- b) Es una distracción.

- c) Forma parte de la información del entorno.

- d) Es un elemento de la formación de la percepción del riesgo.

99. La limpieza de un vehículo que ha transportado animales se hará:

- a) por el conductor, una vez regrese a la sede de su empresa.
- b) por el destinatario de los animales, antes de abandonar las instalaciones en las que se han descargado.
- c) en un centro especializado que necesite autorización.
- d) en el lugar que determine el titular del vehículo.

100. ¿Qué personas deben formar parte de una Junta Arbitral de Transporte?

- a) Miembros de la Administración Pública.
- b) Al menos un juez.
- c) Al menos un abogado en ejercicio que no sea funcionario público.
- d) Las respuestas A y C son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

101. Cada vez que se realiza un cambio de marcha durante la subida de una pendiente, el camión:

- a) pierde potencia y reduce velocidad.
- b) gana potencia y aumenta velocidad.
- c) pierde potencia y aumenta velocidad.
- d) gana potencia y reduce velocidad.

102. ¿Con qué siglas es conocido el programa electrónico de estabilidad?

- a) EDP.
- b) ESP.
- c) EFP.
- d) ABS.

103. ¿Qué circunstancia nos podrá producir con más probabilidad una artrosis en el codo?

- a) Caída de objetos al manipularlos.
- b) Golpes con herramientas.
- c) Incendios.
- d) Exposición continua a vibraciones.

